

Santiago de Compostela: Urbe e identidade na obra de Suso de Toro

Antonio Francisco Pedrós Gascón

RESUMO Percorrido pola obra de Suso de Toro no que se salienta a presenza recorrente da súa cidade natal, Santiago de Compostela, como pano de fondo tanto dos seus escritos de ficción coma daqueles pertencentes ao eido do ensaio ou do xornalismo. Ao redor deste marco identifícanse elementos que aparecen dun xeito reiterado como a importancia da Universidade de Santiago dende o punto de vista social e cultural; a evolución da cidade e do seu núcleo urbano, por veces dende un punto de vista irónico; o drama da emigración, etc. Á vez salíentanse aspectos como a identificación de Suso de Toro con Joyce, un dos seus escritores fetiche, ou a elección de Camilo Nogueira como modelo político a seguir. Conclúese que a cidade de Santiago acaba adquirindo valores icónicos e simbólicos varios na obra de de Toro dependendo de que sexa abordada como espacio do pasado, do presente ou do futuro.

ABSTRACT An overview of the work of Suso de Toro, which underlines the persistent presence of his native city, Santiago de Compostela, as backdrop to both his fiction and his essays and journalism. The author identifies important and recurrent features within this spatial context, such as the University of Santiago in its social and cultural functions; the development of the city and its historic centre, often seen from an ironic standpoint; emigration as leitmotiv, and so on. The author also points to de Toro's obsession with and resemblance to James Joyce, and his choice of Camilo Nogueira as a political icon. He concludes that the city of Santiago takes on a series of iconic and symbolic functions in the work of de Toro, according to whether it is approached as a past, present or future space.

Y ahora que concluyo me doy cuenta claramente de que con mi recorrido por la literatura no hice otra cosa que contaros realmente mi vida. Como corresponde a un escritor. En el fondo uno no es más que un rapaz de barrio hijo de hijos de labradores huidos a la ciudad, ¿y qué hago con tantas vueltas por la literatura sino intentar superar la ruptura con aquellas tierras y aquella casa que fue de mi familia y ya nunca fue mía? El escritor se lame las heridas, no hace otra cosa (Toro, 1992c: 145-6).

A cidade de Santiago é o marco no que tanto a nivel xornalístico coma novelado se desenvolve a gran maioría dos textos do escritor Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956). Ao igual que outros escritores contemporáneos que ou ben desenvolven as súas narracións na súa cidade natal ou ben a mencionan e aluden dunha maneira ou outra (os casos de Eduardo Mendicutti e San Lúcar de Barrameda ou Eduardo Mendoza e Barcelona), Santiago de Compostela, a capital de Galicia, é o marco topográfico das “ficcións” e ensaios deste compostelán.

A cidade xacobeá é un dos elementos que serve para vertebrar o seu amplo conxunto literario, xa sexa esta a cidade “real” que calquera viaxeiro ou aldeán atopa xa unha cidade propia que une os elementos da súa ficción persoal coa realidade. Unha cidade mitotópica, é dicir, unha cidade na que o autor fabula ou crea lugares, como o “Café Bar Floyma”, que coexisten con referentes coñecidos do presente ou do pasado próximo, como os “Castromiles”. A coexistencia de ambas cidades no mesmo texto podería dicirse que corre paralela á existencia de dúas urbes na Compostela actual: a urbe mítica á que arribaron os restos do Santo, *ab urbe condita*, co seu devir fabulístico e espiritual, e a cidade moderna, que parece estar sepultada baixo a lousa do sepulcro. O renacer do Camiño de Santiago, o “camiño do sol” (1999a: 19), que aparenta ter a puxanza antiga, apoiado por intereses turísticos, parece estar retornando a cidade ao pasado, dificultándose tal vez así a modernización necesaria para afrontar o futuro.

Dentro do clima de mitopoiese referido, a cidade é tratada como un labirinto de pedra en moitos dos textos :

din cremos e afirmamos que hai un labirinto de pedra pechada chamada Santiago e desde o seu cerne oculto que permanece e garda a nosa memoria a emitir febles latidos que todos na área ocupada por nós e aínda fóra recibimos nalgún exágon da nosa mente aínda descoñecido sabémolo de certo porque pousando a palma da man á altura da caluga percibimos unha leve pulsación a penas nada e este leno pulso que se expande e recibimos organiza darredor un país poderíamolo xurar porque o sabemos de certo segurísimo que o sabemos seguro que ten que ser certo é o mais probable que exista unha cidade chamada así estou certo coído recordar que si que lembro unha cidade tal e non hei de facer caso de que en Compostela estamos

moitos xa para sempre derrotados fiade na nosa memoria non fagades caso de (...) (1992a: 79).

É un labirinto que, coexistente co dos medios de masas, será o lugar polo que transite nun futuro o cidadán Teseo, quen en *A sombra cazadora* (1994b e 1995a) se enfronta co Minotauro da cidade: a Imaxe, que non é outra que unha imaxe de si propio, o seu *doppelgänger*.

A cidade “real” que tan ben coñece o autor foi obxecto de varios estudos ou textos especializados pola súa parte, como son as dúas guías de viaxe de Santiago de Compostela (1993a: 23-49 e 1998a: 21-43) e a guía *Itinerarios por Galicia* (1993b: 21-55) nas que colaborou con textos, ou o libro dedicado á ruta xacobeá: *La flecha amarilla* (1999a), do texto do cal é autor íntegro.

De entre os textos literarios de Suso de Toro que teñen como marco principal o fondo Santiago cidade, quizais sexa necesario resaltar *Caixón desastre* (1984, 1990a), *Polaroid* (1986, 1997a), *Land Rover* (1988; 1991b; 1993c), “Aquí somos así, positivamente” (1989a: 191-219; 1990a: 85-110; 1992a: 49-79; 1996d: 539-60), *Ambulancia* (1990b), *Unha pouca cinza* (1992a), “Miles de Castromiles” (Toro, 1992b; 1993e e 1994a: 79-84, 89-94), “Caramelo de limón” (1993d: 15-20, [“Aire de abril”] 1998c: 155-62), *Conta Saldada* (1996a), *Unha rosa é unha rosa (unha comedia de medo)* (1997c; 1998d: 434-48), *Círculo* (1998c) e, cómo non, *A sombra cazadora* (1994b e 1995a). Nesta última obra Santiago de Compostela convértese nunha urbe milenaria mestura dos escenarios do San Francisco de *Blade Runner* (1982), a película de Ridley Scott baseada na novela *Do Androids Dream of Electric Sheep?* (Dick, 1967), e de “Ingsoc”, a cidade na que se desenvolve *Nineteen Eighty-Four* (Orwell, 1949):

En contraposición con la mencionada novela de Orwell, en la taurina [...] la función represora, que era ejercida por el “Big Brother”, es llevada adelante por la televisión y los mass media, que poseen autoconciencia y dominio sobre la sociedad (Pedrós, 2000).

Por outra parte, a función e importancia que a Universidade de Santiago tivo social e culturalmente sobre a cidade compostelá é o fondo sobre o que se tecen varios textos, de entre os que sobresaen “O coengo, a pousadeira, o estudante e o conselleiro” (1991a: 9-10; 1993a: 31-3 e 1998a: 27-9), “Un mundo autónomo y acogedor” (1995b), e o desmitificador polo seu ton *Eterno retorno*

(1996b; 1998c: 51-61, 111-26, 165-82, 223-30): “La universidad, nacida al amparo de la curia, acabaría emancipando su pensamiento y será en el siglo XIX un hervidero de ideas liberales y galleguistas”. (1993a: 49)

Tamén nos seus dous libros de ensaios e artigos publicados en periódicos: *F.M.* (1991a) e *Parado na tormenta. Paus, ortigas, seixos* (1996c), aborda o autor en varios textos algúns aspectos da cidade xacobeá. Como vemos, a cidade de Santiago aparece na case práctica totalidade dos textos de Suso de Toro.

A evolución que a cidade e o seu núcleo urbano sufriu ao longo da historia é tema de fondo de varios dos seus escritos. Así, o carballo “mítico” utilizado polos discípulos do Apóstolo e a disputa que estes mantiveron coa “raíña Lupa” son abordados polo autor con reiterada ironía: “E ti mira que burrada tan grande non fixo la lurpia da Lupa aquela, que si chega a estar quietiña agora Santiago estaba en Padrón e aquí no había máis que carballos” (1992a: 61); a mesma ironía que subxace cando se refire a aparición da *Stella* sobre o soar compostelán (*Campus Stellae*) no século IX, feito sobre o que adoita bromear dicindo que Santiago é por isto a primeira cidade construída por mandato divino:

114

Allí el descubrimiento o invención nos viene presentado como que unos lugareños afirmaban haber visto brillar una estrella en un campo. Una vez más acierta a pasar un lugareño por el sitio indicado en el momento oportuno. Aún habrá quien dude de la existencia de la Providencia o del Destino, su forma secular (1993a: 42).

Así pois, con esta ironía de fondo, Santiago é, ao igual que Roma, unha *cittá eterna*: “Ser, sempre foi cidade Santiago, porque aínda non se inventaran as cidades e xa había Santiago que xa é dicir” (1992a: 68). Pero o feito de ser unha cidade que se ergue sobre “unha pouca cinza gardada nunha arca de prata” (1992a: 86) empuxa o autor a certo victimismo ou visión derrotista: “Claro que tamén ya me diréis qué se puede esperar de una ciudad como Santiago, que se hizo a cuenta de un muerto que está ahí enterrado debajo de tanta piedra” (1994a: 248).

A morte do Apóstolo dotou á cidade dunha privilexiada situación na creación de Europa, tanto a medieval coma a actual, gracias á introducción e expansión das ideas culturais avanzadas a través do Camiño de Santiago. Ao

mesmo tempo, este sepulcro é a pedra angular sobre a que nace a identidade galega e o seu futuro estado:

Porque Galicia nació para la historia europea por el mito. Mito es también el de Rosalía. Rosalía de Castro fue una gran escritora en gallego y castellano, pero “Rosalía” es un mito nacional para los gallegos. [...] El Apóstol Santiago es el mito fundador de Galicia en la Alta Edad Media, “Rosalía” es el mito de la afirmación y la refundación de la Galicia contemporánea (1993b: 21).

O mesmo espírito catastrofista e a visión derrotista que presidía a cidade en *A sombra cazadora* (1994b e 1995a) é o espírito milenarista que subxace cando o autor a ve dende o presente, anque aposta e cre nun futuro prometedor:

Compostela, Galicia, este pequeño Occidente alumbró Europa. Sabemos que fue así, “Europa se hizo peregrinando a Compostela” escribió Goethe. Y también sabemos que irremediabilmente no tenemos ni alcanzaremos fuerza ni ocasión para volver a intentarlo. No volverá a posarse otra estrella sobre nuestra ciudad (1993a: 39).

115

Sen embargo na obra de Suso de Toro non só se fala do pasado cristián, senón do remoto pasado celta en “Úricos e artúricos” (1991a: 52-3) e “A lebre de Merliño” (1984: 57-66; 1990a: 53-61), ou da máis próxima existencia de xudeus na cidade: “Pero existe un Xerusalén en Santiago. Cecais ese mesmo taller de cerralleiro existise cando aquí se oían as falas dos xudeus, “marraos”, que lle chamaban, dispensando”, en “Rúa Xerusalem” (1989b: 8; 1991a: 151; 1992a: 41-2), pobo co que mantén unha especial dialéctica persoal; ou da vida da urbe dende o medievo ata o presente:

La ciudad de Santiago se conformó según el esquema circular de la muralla medieval. [...] Así llegó al siglo XX, la ciudad rodeada de huertas y algunos barrios. Se puede decir que era así en los años sesenta. Y en esto que la ciudad se desdobló y se duplicó. En unos pocos años dominados por la especulación del suelo se construyó toda la zona nueva, el Ensanche. Una aberración urbanística si la hay. El Ensanche fue construido en los setenta, pero siguió el esquema de la ciudad medieval. Eso sí, en vez de sillares de piedra, cemento (1993a: 25).

Ao longo da súa obra, o autor, cronista da súa cidade, relátanos dende o Santiago e a Galicia da dictadura franquista e cómo esta afectou ao nacionalismo galego e á configuración da cidade, ata a posterior institucionalización de Santiago como capital do seu país. Sempre pasado a través da peneira da ironía, o autor exprésanos cómo a capitalidade cambiou substancialmente a cidade, ou mellor dito, os seus moradores:

La hora actual de Compostela es la de la Autonomía y el nuevo folklore de la ciudad el que protagonizan en anécdotas conselleiros, directores generales y la nueva corte que se ha creado. Pero la capitalidad renovó las peregrinaciones; ahora acuden los trabajadores, los marineros, los labradores con reivindicaciones, para manifestarse. Además de los ejecutivos con sus ofertas, para entrevistarse (1993a: 32-3).

Pero a visión da cidade e o seu mito fundador non sempre foi a mesma, posto que fronte á ironía e rupturismo polos que os primeiros textos do autor avogaban, sitúase un novo “estadio vital” que parece buscar a “comuñón” co pasado:

116

[...] desde siempre tuve una actitud hacia mi ciudad relacionada con mi pose de plebeyo antiaristócrata y de irónico frente a lo solemne y burocrático (que hoy día, aunque forma parte de mi identidad, está corregida por una búsqueda de mitologización y de trascendencia, y por lo tanto de acercamiento humilde y respetuoso a la tradición mítica y religiosa. Veo que has leído lo que publiqué en “El País” sobre el Camino, evidentemente no podría escribir eso ni en ese tono hace diez años; bueno, creo yo). El caso es que desde hace tiempo decidí, de un modo algo implícito, ir construyendo mi lugar literario sobre mi lugar, pero al mismo tiempo se me planteaba un problema: Santiago es literatura pura y tenía mucho miedo a caer en lo babosamente literario, en lo relamido, en el *kitch*, en lo ya escrito... Por eso fui retratando un Santiago cutre, vulgar, doméstico, “antiliterario”. Sólo la evolución estética, la evolución personal y todas esas cosas me han permitido dialogar con los mitos fundacionales de tú a tú en un cierto afán de clasicismo [...]. En resumidas cuentas mi relación con la ciudad ha cambiado e intento integrar el mito con mi memoria afectiva y todas esas cosas. Resumen: Santiago hoy cumple también para mi una función de búsqueda de religiosidad (Correspondencia, 8 de junio de 1999).

Con respecto ao porvir, o Santiago do futuro corre paralelo aos problemas da identidade nacional, un dos *topoi* aos que dedicou múltiples escritos. O outro grande ámbito da identidade, a identidade persoal ou “individual”, é o eixe sobre o que se move a maioría das súas novelas e relatos. Non en van, o complexo edípico como mitema, un dos máis obvios problemas da identidade, está omnipresente na súa obra mediante as súas varias realizacións posibles: Hamlet, Caín, Prometeo, Teseo, etc. Edipo subxace nos seus textos xa sexa por alusións directas, xa a través de lecturas globalizantes: “Se podría decir”, añadió, “que sempre escribo ao *Edipo rey*, é dicir, falo de persoas que perderon os seus pais, ou alomenos, a algún deles e que buscan a súa identidade” (Villena, 1998: 31). Volvendo ao tema da identidade nacional, é Suso de Toro un individuo de conviccións políticas esquerdo-intervencionistas, e dunha definida visión de Galicia como nación cultural integrante, integrada e coexistente dentro dun estado plurinacional:

Que la idea de España actual excluya a muchos miles de ciudadanos y a territorios enteros no quita para que también me sienta parte de “los españoles”, esa sociedad que ha padecido los mismos males tanto tiempo, aunque en cada lugar esos males se hayan vivido de distinto modo. Quiero decir que una identidad nacional gallega, vasca, catalana, no debiera ser incompatible con otra idea de España que le permita a otras personas sentirse con identidad nacional española (Correspondencia, 17 de febrero de 1999).

117

Fronte ao “nacionalismo español”, “un nacionalismo particularmente provinciano” (Correspondencia, 17 de febrero de 1999) que mitoloxizou/recreou as súas raíces, o escritor avoga por recuperar o pasado galego:

E temos que recuperar o pasado para volvermos a ter futuro. Non un Pasado, con maiúsculas, porque nos había traer un Futuro, con maiúscula, un soño mesiánico. Non me refiro ós Pasados gloriosos dos estados. Falo dos máis humildes das persoas, dos pobos e das naciones (Toro, 1993f: 242).

A esta recuperación pode axudar o renacemento da ruta xubilar, que vén paralelo ao da vella Europa, se a cidade é quen de non quedar ancorada no pasado:

El renacimiento del Camino de Santiago viene del redescubrimiento de Compostela, y ello no arranca de enérgicas campañas de turismo

de la Xunta, que haber haylas, sino de que la vieja ciudad, olvidada tantos años por el rancio patriotismo antieuropeo que exaltaba a la Virgen del Pilar porque no quería ser francesa, vuelve a respirar hoy en la nueva época europeísta (1999b: 1).

Con este pano de fondo, e como o propio autor relata, non é un acto gra-tuíto que a maioría dos seus escritos estean redactados en galego, posto que esta lingua é un elemento identificador das orixes:

En el fondo el tema para mí es la contestación a la pregunta “¿Por qué se escribe en gallego?”. Hay unas respuestas de tipo relativamente racional: por un deber cívico hacia nuestro país, por coacción política, moral, o por imperativo ético Pero creo que hay una respuesta radical que no emana de la razón individual, escribimos en gallego porque no queremos romper con el origen (1992c: 141-2).

Quizais a asociación que mellor explica a súa posición ante estes problemas é a visión e identificación do propio autor con Joyce, un dos seus escritores fetiche/icónicos que ao igual ca el tamén sentía un especial apego pola súa cidade, Dublín, pola que transita *Ulysses* (Joyce, 1986):

118

Sin embargo creo firmemente que Joyce fue un nacionalista. Un nacionalista irlandés con referencias políticas claras, como Parnell y James Connolly, que se irrita con su país por provinciano, es decir, por su resignación a ser provincia, “territorio vencido”, y por su incapacidad para constituirse en nación moderna y europea. Joyce es un nacionalista regeneracionista, que participa públicamente en polémicas políticas y culturales sobre cómo debe ser la política y la cultura irlandesa. Lo que sí es cierto es que Joyce no fue un patriota ni mucho menos un patriotero. El vínculo con su país no le impidió ver la miseria moral que agarrataba a la sociedad de su tiempo y precisamente demostró su amor por su pueblo criticando acerbamente aquellos rasgos de aquella sociedad que le resultaban intolerables. Lo cual no deja de ser una actitud radicalmente moral y comprometida (1994c: 12).

No caso de Suso de Toro o modelo político a seguir sería Camilo Nogueira, a quen dedicou un estudio (1991c):

Así pois o “galegismo” de M.F.I. [Manuel Fraga Iribarne] é moi étnico, apróveitase da necesidade real e urxente da “autoidentificación” que ten a nosa xente. Pola contra, é o menos político, o que menos defende os intereses socioeconómicos ou culturais da nación galega e o máis sumiso á nación española. Non é ningunha casualidade que fracasara o nacionalismo encarnado en Camilo Nogueira, que era xustamente o contrario, un nacionalismo político nidio, mais no que non se amosaban elementos étnicos e non permitían, xa que logo, a “autoidentificación” (1994d: 18).

Volvendo á cidade, non só se contrapón esta ao termo “provincia”, como antes dicíamos, senón tamén ao termo “aldea”, “pobo”, elemento cun claro valor semiótico na obra de Suso de Toro. O drama que para a identidade supón o ter que abandonar o lugar natal para emigrar á cidade ou a outro país é case ubicuo nas súas obras, causado en parte pola necesidade de migración que sufriron seus pais, e polo tanto, a súa ruptura co pasado. Este tema realízase na visión da cidade como elemento que desarraiga o individuo, que absorbe e destrúe o campo e os seus moradores, a quen de Toro adoita asociar familiarmente cos avós. Así pois, no “Epílogo á sexta edición” de *Polaroid* (1997a: 157-9) dinos o autor da súa obra:

E tratando do meu tempo tamén trata do meu país, ao meu xeito e sen lle pedir licencia a ninguén. Trata da ruptura co pasado, do esgazamento da cidade que esquece o campo, do presente que esquece o pasado, dos avós agachados no faiado, dos netos que non saben quen son... (1997a: 158-9).

Recapitulando todos os datos ata aquí expostos obtense a radiografía dun autor en constante loita dialéctica en pos da identidade: “En general, soy muy dialéctico y contradictorio en todo” (Correspondencia, c.30 de septiembre de 1998). Un autor que baixo os modelos tutelares de James Joyce e Camilo Nogueira intenta que Galicia recupere o lugar que, segundo el, lle corresponde no plano político e cultural internacional. Así os seus escritos aparecen claramente marcados pola cultura e sociedade galega, e enmarcados principalmente na cidade de Santiago, da cal é oriúndo. É esta urbe a que serve de elemento engarzador dos seus escritos, así como de pedra angular sobre a que se constrúe a “identidade”, tanto persoal coma nacional, polo que esta acaba adquirindo valores icónicos ou simbólicos varios, dependendo de que sexa a

cidade do pasado (cultura, tradición), do presente (identidade) ou do futuro (en construción, e polo tanto variábel).

Antonio Francisco Pedrós Gascón

Bibliografía

Araguas, Vicente, "Suso de Toro: Escribir es oficio de muerte", *Leer*, 50, 1992, pp. 26-28.

Baamonde, Antón, "Sobre as cidades ou ¿cómo amar o desarraigo?", *Obradoiro* 18, 1991, p. 27.

Corominas, Joan, e José Antonio Pascual, *Diccionario crítico etimológico castellano e hispano*, Vol. IV. Madrid: Editorial Gredos, 1981.

Dick, Philip K., (1967), *Do Androids Dream of Electric Sheep?*, London: Rapp&Whitting, 1969.

120

Joyce, James, (1918), *Ulysse. The corrected text edited by Hans Walter Gabler, with Wolfhard Steppé and Claus Melchior; with a new preface by Richard Ellmann*, Penguin: Harmondsworth, 1986.

Miguel, Raimundo de, e Carlos García Abaurrea, *Nuevo diccionario latino-español etimológico*, Madrid: Agustín Jubere, 1867.

Orwell, George, *Nineteen Eighty-Four*, London: Secker and Warburg, 1949.

Pedrós Gascón, Antonio Francisco, "Tic-Tac: Caos deforme de formas hermosas. Prometeísmo en Suso de Toro", *Mitos. Actas del VII Congreso Internacional de la Asociación Española de Semiótica (Investigaciones semióticas VII)*, Volumen III, Zaragoza: Túa Blesa Editor, 1998. Anexos de *Tropelías*, pp. 334-338.

———, "Teseo en Compostela: milenarización del mito en Suso de Toro", *Fin de Siglo. Fin de Milenio. Actas del IV Congreso Internacional de la Federación Latinoamericana de Semiótica*, en prensa.

Toro, Suso de, *Caixón desastre*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1984.

———, *Polaroid*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1986, 1992⁵.

———, *Land Rover*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1988.

- , “Aquí somos así, positivamente.” *Caderno de viaxe*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989a, pp. 191-219.
- , “Rúa Xerusalem”, *Das Kapital*, 89, 1989b, p. 8.
- , *Caixón desastre*, (edición ampliada polo autor), Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990a (1991²).
- , *Ambulancia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1990b.
- , *F.M.*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 1991a.
- , *Land Rover*, edición traducida ao castelán, epílogo de Basilio Losada, Barcelona: Ediciones B, 1991b.
- , *Camilo Nogueira e outras voces*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1991c.
- , “Mecánica popular: “Das kapital”. Artefacto e funcións (Acumulación e emisión)”, *Obradoiro*, n° 18, 1991d, p. 31.
- , *Unha pouca cinza*, Santiago de Compostela: El Correo Gallego, 1992a.
- , “Miles de Castromiles”, en *Contos do Castromil*, Vigo: Asociación para a normalización lingüística, 1992b.
- , “Explicación de mi camino personal y a dónde me está conduciendo”, en *Encuentros de Escritores y críticos de las letras Españolas (7º). Mito y realidad en la novela actual*, Madrid: Cátedra, 1992c, pp. 141-146.
- , “Impresiones de Santiago. Su historia. Gentes”, “Historia”, en *Guía de Santiago hoy*, Madrid: Anaya, 1993a, pp. 23-48.
- , “Itinerario 1. Mito y misterio. La península de Barbanza”, “Itinerario 2. La accidentada costa atlántica. Entre las rías de Pontevedra y Arousa”, en *Itinerarios por Galicia*, Madrid: Anaya, 1993b, pp. 21-55.
- , *Land Rover*, traducción de Xandru Fernández, Mieres: Editorial del Norte, 1993c.
- , “Caramelo de Limón”, en *V Tren Caixa Galicia. Ruta Rosalía*, A Coruña: Caixa Galicia, 1993d, pp. 15-20.
- , *Tic-tac*, Barcelona: Ediciones B, 1993e.
- , “As cousas da razón”, *Grial*, 118, 1993f, pp. 234-242.

- , *Tic-Tac*, traducción de Basilio Losada. Barcelona: Ediciones B, 1994a.
- , *A sombra cazadora*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1994b, 1997⁷.
- , “La sombra del Irlandés”, en *Joyce en España (I)*, Francisco García Tortosa e Antonio Raúl de Toro Santos (eds.), A Coruña: Universidade da Coruña, 1994c, pp. 9-12.
- , “M.F.I., o superpresidente”, *Luzes de Galiza*, 24, 1994, p. 18.
- , *La sombra cazadora*, Barcelona: Ediciones B, 1995a.
- , “Un mundo autónomo y acogedor” en *Gallaecia fulget (1495-1995): cinco séculos de historia universitaria*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1995b, pp. 522-525.
- , “Laberinto de pantallas, laberinto de espejos” en *Literatura en el laberinto*, Madrid: Cátedra, 1995c, pp. 173-176.
- , *Conta saldada*, Vigo: Edicións Obradoiro, 1996a.
- , *Eterno retorno*, fotografías de Xurxo Lobato, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago, 1996b.
- , *Parado na tormenta. Paus, ortigas, seixos*, Vigo: Galaxia, 1996c.
- , “Aquí somos así, positivamente”, en *Unha liña no ceo: 58 narradores galegos 1979-1996*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1996d, pp. 539-560.
- , *Polaroid*, edición revisada e ampliada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997a.
- , *Cuenta saldada*, Madrid: Alfaguara, 1997b.
- , *Unha rosa é unha rosa. (Unha comedia de medo)*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997c.
- , “Introducción”. “Historia” en *Guiarama Santiago de Compostela*, Madrid: Anaya, 1998a, pp. 21-43.
- , *Compta saldat*, traducción de Pau Joan Fernández. Madrid: Alfaguara, 1998b.
- , *Círculo. Da materia e dos sonhos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1998c.
- , “Una rosa es una rosa (una comedia de miedo)” en *La nueva dramaturgia gallega: Antología y estudio preliminar*; selección, edición e estudio de Manuel F. Vieites. Madrid: ADE, 1998d, pp. 434-448.

——, *La flecha amarilla*, fotografías de Xurxo Lobato, Madrid: El País/Aguilar, 1999a.

——, “Compostela a través de un sueño”, *El viajero. El País*, 9 de mayo de 1999b, pp. 1-3.

——, *A sombra caçadora*, traducción al portugués de Cristina Rodríguez e Artur Guerra, Varona-Salamanca: Publicações Dom Quixote, 1999c.

Villena, Miguel Ángel, “Susō de Toro define ‘Calzados Lola’ como una novela de ‘autoentretener’”, *El País*, 2 de abril 1998, p. 31.